



**FASE DE OPOSICIÓN - PRIMEIRO EXERCICIO.
PROBA TEÓRICO-PRÁCTICA**

DATA: 18/03/2025

Proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, mediante ou sistema de concurso-oposición, de dúas (2) prazas de OFICIAL TRACTORISTA incluídas na OEP 2022 Chocalleira do Concello de Carballo.

**RESPOSTAS
CORRECTAS**

As respostas valoraranse do seguinte modo:

Estableceuse un contido mínimo para a resposta, os aspirantes que respondan a eses mínimos, obterán a máxima puntuación aínda que a súa resposta sexa máis extensa. Os aspirantes que non alcancen eses mínimos puntuaráselles proporcionalmente de acordo coa resposta.

A puntuación de cada pregunta establécese nun punto. En caso de ter que anular algunha pregunta, os 30 puntos totais, prorrátanse en función do número de preguntas válidas.

Nas preguntas tipo test marcarase a resposta correcta cun X, en caso de erro, tacharase a resposta errónea e marcarase a resposta correcta cun círculo.

NOTA: OS ASPIRANTES QUE ACCEDAN AO CASO PRÁCTICO DEBERÁN PRESENTARSE O DÍA DA PROBA CON ROUPA DE TRABALLO, BOTAS DE SEGURIDADE E LUVAS DE TRABALLO, EN CASO CONTRARIO NON PODERÁN REALIZAR A PROBA.

1. Chegan instrucións de ir rozar uns camiños no lugar de Aldemunde de arriba, cal sería o percorrido máis recto que tomarías para ir desde o centro de Carballo?
A) Carballo, Vivente, Estévez, Aldemunde de Arriba
B) Carballo Feira de Berdillo, O Forno, Paradela, Aldemunde de Arriba
C) Carballo, Vivente, O Val, Nogareda, Aldemunde de Arriba
D) Carballo, Goians, Piñeiro, Gontade, Aldemunde de Arriba
2. Chegan instrucións de ir rozar uns camiños no lugar de San Sadurniño, cal sería o percorrido máis recto que tomarías para ir desde o centro de Carballo?
A) Carballo, Coruña, Narón, Neda, San Sadurniño
B) Carballo, Goians, Cances, San Sadurniño
C) Carballo, Canosa, Ramil, Calvos, San Sadurniño
D) Carballo, Canosa, Entrecruces, Espanadeira, Outón, San Sadurniño
3. Chegan instrucións de ir rozar uns camiños no lugar de Santa Mariña, cal sería o percorrido máis recto que tomarías para ir desde o centro de Carballo?
A) Carballo, Oza, Vilar de Cidre, Nétoma, Santa Mariña
B) Carballo, Goians, Piñeiro, Vilanova, Santa Mariña
C) Carballo, Outeiro, Pereiro Vello, Cótaro, Santa Mariña
D) Carballo, Bértoa, Os Canedos, Pardiñas, Igrexario de Lema, Santa Mariña



**FASE DE OPOSICIÓN - PRIMEIRO EXERCICIO.
PROBA TEÓRICO-PRÁCTICA**

DATA: 18/03/2025

Proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, mediante ou sistema de concurso-oposición, de dúas (2) prazas de OFICIAL TRACTORISTA incluídas na OEP 2022 Chocalleira do Concello de Carballo.

4. Chegan instrucións de ir rozar uns camiños no lugar de Outón, a que parroquia te desprazarías?

Rus

5. Chegan instrucións de ir rozar uns camiños no lugar de Vilariño, a que parroquia te desprazarías?

Cances

6. Chegan instrucións de ir rozar o dolmen de Pedra Moura, a que parroquia te desprazarías?

Aldemunde

7. Chegan instrucións de ir rozar a rúa Antón Fraguas, a que zona do centro urbano te desprazarías?

- A) Zona do Chorís
- B) Zona do Campo da Feira
- C) Zona dos Xulgados
- D) Zona Colexio e Pavillón Bergantiños**

8. Chegan instrucións de ir rozar a rúa Pintor Luís Seoane, a que zona do centro urbano te desprazarías?

- A) Zona Lagarto**
- B) Zona do Campo da Feira
- C) Zona dos Xulgados
- D) Zona Pazo da Cultura

9. Indica dúas parroquias do concello de Carballo, que linden co mar.

Indicar dúas destas parroquias: Razo, Lema, Rebordelos, Noicela

10. Indica dúas parroquias do concello de Carballo, que linden co Río Anllóns.

Indicar dúas destas parroquias: Bertoa, Carballo, Sísamo, Goiáns



**FASE DE OPOSICIÓN - PRIMEIRO EXERCICIO.
PROBA TEÓRICO-PRÁCTICA**

DATA: 18/03/2025

Proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, mediante ou sistema de concurso-oposición, de dúas (2) prazas de OFICIAL TRACTORISTA incluídas na OEP 2022 Chocalleira do Concello de Carballo.

11. Chegan instrucións de ir rozar un solar municipal á rúa Antón Fraguas, hai tempo que non se limpa e está chea de silvas e toxos que alcanzan unha altura de máis de 2m. Tendo en conta que o solar está pechado e hai que facer a limpeza de modo manual, que ferramentas e medidas de seguridade utilizarías?

Desbrozadora con disco redondo, fouciño, luvas, máscara, botas de seguridade, peto.

12. Estás a realizar traballos de roza que implican a ocupación da vía pública, indica dous tipos de protección colectiva, que utilizarías para advertir do risco.

- Xogo de sinais (3): de obra para zonas de traballo, velocidade 30 e estreitamento do carril.

- Equipos de balizas luminosas intermitentes.

13. Indica cales son as velocidades en revolucións por minuto (rpm) de tomas de forza típicas dun tractor para roza.

540, 750 e 1000.

14. Tes que axustar o brazo desbrozador da marca Kunh no tractor New Holland do concello, que velocidade de toma de forza utilizarías?

540 ou 750.

15. Nomea, polo menos, dous tipos de coitelas mais dous tipos de martelos das rozadoiras de brazo ou arrastre para a limpeza viaria.

Nomear a lo menos dous destes tipos de coitelas:

coitela Milenium, coitela todo terreno dentada, coitela reforzada, coitela de corte, coitela Rousseau, coitela formato culler, coitela Bomford.

Nomear a lo menos dous destes tipos de martelos:

martelo Rousseau, martelo Bomford, martelo Sepi, martelo azuela, martelo Orsi, martelo TMC Canela.

16. Indica que tipo de coitela e/ou martelo utilizarías nas rozadoiras do concello, a de brazo marca Kunh e a de arrastre TMC Canela, para os labores de limpeza viaria.

Na de brazo: coitela reforzada.

Na de arrastre: martelo TMC.



**FASE DE OPOSICIÓN - PRIMEIRO EXERCICIO.
PROBA TEÓRICO-PRÁCTICA**

DATA: 18/03/2025

Proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, mediante ou sistema de concurso-oposición, de dúas (2) prazas de OFICIAL TRACTORISTA incluídas na OEP 2022 Chocalleira do Concello de Carballo.

17. Indica polo menos 7 partes básicas dun motor dun tractor agrícola.

Cárter de aceite, árbol de levas, culata, bloque de cilindros, mecanismo do pistón, biela e cigüeñal.

18. Indica, de forma resumida, as características básicas dun brazo desbrozador da marca Kunh como o do concello, tales como peso, alcance, ancho, velocidade de traballo, etc..

Peso: sobre 1.200 kg

Alcance: hasta 5 m

Ancho de traballo: 1,20 m

Velocidade de traballo: 540 o 750 rpm

19. Indica cantas pasadas da máquina de brazo necesitarás para rozar a parte vertical dun noiro de 3,20 m.

3 pasadas.

20. Estás a rozar coa rozadoira de arrastre e prodúcese un corte de mala calidade, a que pode ser debido?

**Debemos comprobar a tensión das correas e que o número de revolucións do rotor sexa adecuado.
Se non podería deberse a unha velocidade de avance demasiado elevada ou ao desgaste dos martelos.**

21. Que operacións básicas no tractor e rozadoira, se deben realizar diariamente antes de comezar os traballos de roza?

Comprobar os niveis de aceite e auga, o estado das correas, as coitelas e os martelos.

22. Cada canto tempo, cando e en que forma e tipo de lubricante, deben realizarse os labores de engraxado dos rodamientos, da rozadoira de arrastre do concello TMC Cancela?

Cada canto tempo: Engrasado diario

Cando: ao rematar a xornada laboral

En que forma: mediante 10 a 15 bombeos

Tipo de lubricante: con grasa lítica



**FASE DE OPOSICIÓN - PRIMEIRO EXERCICIO.
PROBA TEÓRICO-PRÁCTICA**

DATA: 18/03/2025

Proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, mediante ou sistema de concurso-oposición, de dúas (2) prazas de OFICIAL TRACTORISTA incluídas na OEP 2022 Chocalleira do Concello de Carballo.

23. Indica que causas poden influír, durante os traballos de roza coas máquinas municipais na provocación dun incendio.

Temperaturas elevadas, terreos pedregosos, maleza moi seca e/ou tipo de maleza.

No caso de coexistir varios destes factores recomendase non traballar.

24. Que elementos se deben conectar da rozadoira de brazo para axustala ao tractor?

Toma de forza, toma eléctrica (joystick, enchufe).

25. Que tipo de aceite é o que máis se recomenda para o motor dun tractor?

Lubricante multigrado multifuncional de alto rendimento 15W40.

26. Sofres un accidente hoxe 18/03/2025, cando conduces o tractor, nunha vía de dobre sentido. Indica a sinalización obrigatoria que utilizarías para sinalizar o perigo.

- Activar os 4 intermitentes se é posible.

- Colocar 2 triángulos, un diante e outro detrás.

27. Chegas ao centro de traballo, e atópaste cun compañeiro tirado inconsciente no chan, indica brevemente, cal sería a primeira medida de primeiros auxilios a aplicar.

- Se respira: colocar ao compañeiro en posición lateral de seguridade.

- Se non respira: practicar unha RCP.

28. Indica cales son os tres pasos claves á hora de actuar nun accidente laboral.

Os tres pasos claves coñecense polas siglas PAS:

P = Protexer a zona e, no seú caso, aos feridos

A = Avisar ao 112.

S = Socorrer.



**FASE DE OPOSICIÓN - PRIMEIRO EXERCICIO.
PROBA TEÓRICO-PRÁCTICA**

DATA: 18/03/2025

Proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, mediante ou sistema de concurso-oposición, de dúas (2) prazas de OFICIAL TRACTORISTA incluídas na OEP 2022 Chocalleira do Concello de Carballo.

29. No caso de que teñas que ir rozar unha parcela, que EPIs mínimos consideras que deberías levar. Indica, así mesmo, quen é o responsable de proporcionalos.

- Roupa de traballo de alta visibilidade
- Botas de seguridade
- Luvas
- Gafas de protección
- Protectores auditivos

Sendo o responsable de proporcionalos o Concello / a Empresa

30. Cal sería, segundo a recomendación das guías do INSHT, con respecto á carga máxima para a manipulación manual de cargas, en condicións ideais de traballo para homes e mulleres?

- Para homes: 25 kg**
- Para mulleres: 15 kg**